

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NO INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO (PRAZO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 25 DE XUÑO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2021/2022.

O día 9 de xullo de 2021 publicouse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais desta consellería, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2021/22.

Conforme aos artigos 11, 13 e 14 desta orde, o día 14 de outubro de 2021 reuniuse no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo a Comisión de Valoración para elaborar a proposta de adxudicación definitiva de prazas de residencia no prazo extraordinario. Logo de transcorrido o prazo de 10 días hábiles outorgado de acordo co artigo 12.2 de mencionada orde, e non habendo reclamacións ó respecto, procede dar traslado da proposta de adxudicación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, non habendo, neste caso, relación de excluídos.

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

RESOLVE:

En cumprimento do punto 2 do artigo 13 da Orde do 25 de xuño de 2021 , facer pública a relación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa para a residencia do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo no prazo extraordinario. Esta relación figura como anexo desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a conselleira do Mar, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)



ANEXO

Relación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa e media pensión/xantar diario non regular no prazo extraordinario

LISTAXE DEFINITIVO DE PERSOAS ADXUDICATARIAS

Período Extraordinario. Pensión Completa. Curso 2021/2022

Nº	NOME	DNI
1	BARREIRO ORTIZ DE ARTIMAÑO, JAIME	***0954**
2	BYKHERVICHEN IZEKKI, MOAAD	***2310**
3	CONDE RODRIGUEZ, MANUEL	***6139**
4	DOCAMPO CABANELAS, UXIA VALENTINA	***1439**
5	FIGUEROA SANJORGE, HUGO	***6188**
6	PAZ ALCÁNTARA, JORGE	***1538**
7	RODRIGUEZ ACEVEDO, DIEGO	***7923**

Período extraordinario. Xantar diario non regular

Nº	NOME	DNI
1	DIOS GONZALEZ, INMACULADA	***6052**
2	TORRES LEMOS, PEDRO	***1074**

